

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PEL CONCELLOS-2023

Proceso selectivo: 1 CONDUTOR/A

No Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo, ás 09:50 h do día 05/07/2023 reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 condutor/a adscrito/a á subvención Plan de emprego local PEL-CONCELLOS 2023, segundo as bases e o tribunal cualificador aprobados pola Resolución da Alcaldía núm. 642/2023 do 22/06/2023 coa seguinte composición:

Presidenta: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL do Concello de Rianxo (II)

Vocal: Gabriel Bermúdez Piñeiro, Encargado municipal de obras

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa municipal (IV)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 23 de xuño de 2023 preséntase a oferta de emprego corresponde na oficina de emprego de Boiro; o día 26 de xuño de 2023 recíbese o resultado da dita oferta que inclúe a 4 aspirantes.

Nos días seguintes contáctase coas persoas incluídas na listaxe para que se acheguen ao Concello para recoller as copias das bases de selección e presentar a documentación xustificativa necesaria para que se poida comprobar se reúnen os requisitos establecidos nas bases de selección e que veñen determinados polas esixencias da Deputación da Coruña, entidade subvencionadora, ao respecto dos colectivos aos que vai dirixido o programa.

Presentan a documentación necesaria as 4 persoas da listaxe e todas reúnen os requisitos mínimos.

Segundo: convócase por vía telefónica, ademais da publicación no taboleiro municipal e sitio web, ás persoas aspirantes para a proba escrita que se vai realizar o mércores 5 de xullo de 2023 ás 09:30 horas no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.

O día da proba escrita preséntanse 3 persoas aspirantes das 4 que poden participar no proceso.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Ás 09:50 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta (proba escrita).

Ás 10:00 horas iníciase as probas escritas e remata ás 10:15 h, unha vez que rematan todas as persoas aspirantes.

O Tribunal realiza a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	Respostas Correctas	Respostas Erradas	Respostas Branco	Resultado proba escrita	
Dieng Aly ,Gueye	11	4	5	5	SUPERA
Gómez Ribadulla, Julio	7	13	0	1,88	NON SUPERA
Martínez Miguéns, Francisco	16	3	1	7,63	SUPERA
Teira Bustelo, Pablo	NON PRESENTADO				

Superan a proba 2 dos 3 aspirantes presentados; queda excluído do proceso o aspirante que non a superou ao non acadar a puntuación mínima (5 puntos).

Ás 10:30 h infórmaselles directamente ás persoas aspirantes do resultado acadado e emprázanse a presentarse ás 13:30 h na explanada do Auditorio Municipal para realizar a proba práctica.

Ás 13:30 h iníciase a proba práctica e remata ás 13:50 h; o resultado é o seguinte:

APELIDOS E NOME	MANEXO DO CAMIÓN (Punt. Máx. 5 puntos)				MANEXO DO TRACTOR (Punt. Máx. 5 puntos)			
	Tempo	Conduc.	Destreza	TOTAL	Tempo	Conos tirados	Conduc. e destreza	TOTAL
Dieng Aly ,Gueye	NON PRESENTADO				NON PRESENTADO			
Martínez Miguéns, Francisco	05:32	1,50	1,00	2,50	12:27	1,00	2,50	2,50

Só queda un aspirante que superou todas as probas anteriores.

Realízaselle de seguido a proba de galego co resultado de APTO.

Así, o resultado global na fase de oposición é:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN			
	Proba escrita	Galego	Proba práctica	TOTAL
Martínez Miguéns, Francisco	7,63	APTO	5,00	12,63

O tribunal decide volver a reunirse o xoves día 06/07/2023 ás 12:30 horas para facer as valoracións da documentación xustificativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes que presentaron con anterioridade no Rexistro Xeral do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:05 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal.